

REGULAMENTO E MEMORIA DE CREACIÓN DO CENTRO DE TECNOLOXÍAS PARA A APRENDIZAXE

Consello de Goberno do 22 de decembro de 2003

MEMORIA DE CREACIÓN

Nos últimos anos a Universidade de Santiago de Compostela ven realizando un grande esforzo para dar resposta á crecente demanda de integración, particularmente no que atinxe a ferramentas e contidos para a formación en liña ou virtual, das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions no proceso de ensino–aprendizaxe, tanto como elemento complementario á docencia presencial tradicional como na xeración de novas modalidades de formación síncronas e asíncronas baseadas no uso intensivo de factores e útiles tecnolóxicos. Por iso, considérase oportuno que a Universidade se dote dun servizo específico de apoio e coordinación dos esforzos e actividades que se están a realizar neste ámbito, e que sirva de estímulo e impulso permanente á integración e emprego das TIC no proceso xeral de ensino-aprendizaxe.

O novo servizo, denominado Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CETA), substitúe ó Centro de Competencia de Innovación Educativa e Tecnoloxías da Información e Comunicación (CCIETIC), o cal desaparece, unha vez cumprida a función para o que foi creado. Do CCIETIC toma tanto o seu emprazamento físico como os distintos elementos inventariables que o CCIETIC foi adquirindo ó longo dos seus catro anos de vida. Parte tamén, como non, do excelente traballo desenvolto durante os ditos anos.

Dentro do organigrama da Universidade, o Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe dependerá do Vicerreitorado de Terceiro Ciclo e Extensión Docente, o cal incorporará na súa planificación orzamentaria anual os créditos necesarios para a súa posta en marcha e posterior funcionamento ordinario. O CETA contará con un regulamento propio, aprobado polo Consello de Goberno.

O CETA proporcionará asesoramento e apoio técnico e pedagóxico para a creación e adaptación de materiais docentes e na adopción das TIC no proceso de ensino e aprendizaxe, fomentando o emprego das TIC nas distintas vertentes da docencia da USC, tanto presencial como a distancia, tanto a súa Comunidade Universitaria como ao exterior.

Por último, o CETA será o servizo encargado de que a Universidade de Santiago de Compostela teña unha imaxe e un funcionamento coherente e homoxéneo no seu campus virtual, para o que asumirá as tarefas de administración e xestión do conxunto de ferramentas tecnolóxicas e de procesos administrativos que sustentan o Campus Virtual.

REGULAMENTO DO CENTRO DE TECNOLOXÍAS PARA A APRENDIZAXE DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.
(CONSELLO DE GOBERNO DO 22 DE DECEMBRO DE 2003)

Art. 1 Definición

O Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe, en adiante CETA, é un servizo universitario que ten como finalidade coordinar e apoiar á integración e o bo uso das tecnoloxías da información e das comunicacións no proceso de ensino e de aprendizaxe.

Art. 2 Funcións

Son funcións da CETA as seguintes:

- 1.- Coordinar os recursos e a oferta no eido da formación en liña da USC. A estes efectos realizará, entre outras, accións encamiñadas a establecer directrices, protocolos de colaboración e seguimento da oferta dos distintos axentes da USC con implicación e actividade na docencia en liña.
- 2.- Proporcionar apoio técnico e pedagóxico para a creación de materiais docentes en soportes multimedia e a integración e bo uso das TIC no proceso de ensino e de aprendizaxe. Esta función sustentárase basicamente nas seguintes liñas de actuación:
 - a) Establecendo guías técnico-pedagóxicas de elaboración de materiais e uso das TIC.
 - b) Proporcionando servizos de formación e asesoramento neste ámbito.
 - c) Fomentando a elaboración de materiais por parte dos docentes.
 - d) Elaborando materiais e proxectos, propios ou en colaboración con outros.
- 3.- Fomentar o emprego e as boas prácticas das TIC na actividade docente da USC, tanto na docencia presencial como en liña.
- 4.- Desenvolver proxectos e prestar servizos externos no ámbito da súa actividade.
- 5.- Impulsar e xestionar o Campus Virtual da USC.

Art. 3 Dirección e Xestión

A actividade do centro desenvolverase a través dos órganos de dirección co apoio da estrutura administrativa e persoal técnico que se determine. A actividade externa do Centro poderá ser xestionada indirectamente por calquera dos entes instrumentais de xestión –de réxime público e privado- dos que a USC se dote, a través da correspondente encomenda.

Art. 4 Órganos de Dirección

Os órganos de dirección do centro son os seguintes:

- O equipo de goberno
- O director
- O subdirector

Art. 5 Equipo de goberno

O equipo de goberno estará constituído por:

- O reitor, ou vicerreitor en quen delegue
- O vicerreitor de Terceiro Ciclo e Extensión Docente.
- O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado.
- O vicerreitor de Tecnoloxías e Infraestructuras.
- O vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo.
- O director do centro.
- O subdirector do centro, que actuará de secretario.

O equipo de goberno estará presidido e será convocado polo reitor e adaptará as súas decisións por maioría simple. O equipo de goberno reunirse alomenos unha vez ó ano e desenvolverá as seguintes funcións:

- Aprobar, a proposta do director, o proxecto de orzamento do centro para a súa integración no xeral da Universidade.
- Informar e aprobar o programa anual de actividades do centro, proposto polo director.
- Coñecer e aprobar a memoria de actividades realizadas do centro.
- Propoñer convenios e contratos con administracións, entidades públicas e privadas, institucións, etc, no ámbito da súa actividade.
- En xeral, todas as que afecten a cuestións administrativas, económicas e de xestión do centro.

Art. 6 Director

O director do centro será un membro do PDI da USC nomeado polo reitor por períodos de catro anos, renovables.

Son funcións do director:

- Propoñer o orzamento e o programa de actividades do centro ao equipo de goberno do centro.
- Dirixir as actividades do centro.
- Administrar o orzamento.
- Elaborar a memoria anual de actividades.
- En xeral, todas aquelas non atribuídas a outros órganos.

Art. 7 Subdirector

O subdirector do centro será un membro do PDI ou do PAS da USC, nomeado polo reitor, a proposta do director do Centro. Son funcións do subdirector:

- Colaborar na dirección e coordinación do centro.
- Asumir as tarefas delegadas pola dirección de acordo coas necesidades funcionais.
- Substituír ó director nas súas ausencias.

Art. 8 Consello asesor

Constituirase un consello asesor formado por:

- O reitor, ou vicerreitor no que delegue, que o presidirá.
- O director do centro, que actuará de secretario.
- O vicerreitor de Terceiro Ciclo e Extensión docente.
- O director da área TIC da USC.
- O xerente.
- 2 profesores por cada unha das grandes áreas de coñecemento e 2 membros do PAS, nomeados polo reitor, oído o Consello de Goberno, por un período de catro anos, asegurando a representación dos dous campus.
- 2 estudantes de primeiro e segundo ciclo e un estudante de terceiro ciclo, nomeados polo reitor, oído o Consello de Goberno, por un período dun ano.

Cada dous anos procederase á renovación de cinco dos membros do PDI, un por cada unha das grandes áreas de coñecemento científico e de un membro do PAS

O consello reunirase, cando menos unha vez ao ano e as súas funcións serán:

- Asesorar en relación aos centros, estudos ou campos de actuación que deban recibir unha atención preferente no emprego das TIC no ensino-aprendizaxe.
- Coñecer a memoria de actividades do centro de cada curso académico, e o programa previsto para cada novo curso.
- Propoñer todas aquelas iniciativas que considere de interese desenvolver ou apoiar dende o centro.

Disposición Transitoria

Toda as competencias e funcións non recollidas expresamente no presente regulamento, e que viña exercendo con anterioridade o director do CCIETIC, pasan a ser asumidas, a partir da aprobación deste regulamento, polo director do CETA.

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da USC.